



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

BOLSAS E AXUDAS DE FORMACIÓN E PRÁCTICAS LABORAIS

Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan oito **BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE PATRIMONIO MOBLE GALEGO**. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U. - DOG, 15 DE XANEIRO DE 2015.

BENEFICIARIOS:

1. a) Solicitantes de bolsas de documentación de fondos de patrimonio moble:
 - Licenciatura universitaria ou equivalente, segundo o espazo europeo de educación superior, con formación académica nalguna das materias que se relacionan a continuación: Historia ou Antropoloxía, Historia da Arte, Arqueoloxía.
- b) Solicitantes de bolsas de restauración de fondos de museos e coleccións visitables de Galicia:
 - Diplomatura universitaria en conservación e restauración de bens culturais ou equivalente, nas especialidades de: Arqueoloxía, Pintura ou Escultura.
2. Acreditar dominio da lingua galega nivel iniciación mediante certificación oficial ou Celga 3.

PRAZO: O prazo de presentación das solicitudes será dun **(1) mes**, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no DOG.

Tramitación da bolsa: <http://www.xunta.es/apps/gdp/showFile.do?codCons=CT&codProc=110B>

Resolución de 30 de decembro de 2014, da Biblioteca Nacional de España, pola que se convocan 22 bolsas de investigación e especialización para o periodo 2015/2016. MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE - BOE, 17 DE XANEIRO DE 2015.

As becas terán a finalidade de formar especialistas en: Biblioteconomía e documentación, exhibición e difusión de fondos museísticos, xestión cultural, comunicación e informática.

REQUISITOS DOS SOLICITANTES:

- Ter rematado os estudos conducentes á obtención do título de grao, licenciado ou diplomado no curso 2009-2010 ou con posterioridade.
- Non ter disfrutado desta bolsa en convocatorias anteriores.
- Estar en posesión dos coñecementos especificados para cada bolsa (anexo I)

PRAZO: 15 días hábiles a partir do día seguinte da publicación da presente resolución no BOE.

+INFO: <https://www.boe.es/boe/dias/2015/01/17/pdfs/BOE-A-2015-393.pdf>

Resolución do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das [bolsas para estadias que se van realizar no 2015](#) correspondentes a investigadores e técnicos contratados en centros tecnolóxicos de Galicia e en organismos públicos de investigación con centros radicados en Galicia, alleos ao Sistema universitario de Galicia, ao abeiro das accións financiadas polo Fondo Social Europeo de Formación de Investigadores do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015, e se procede á súa convocatoria. AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN - DOG, 13 DE XANEIRO

REQUISITOS DOS SOLICITANTES:

As bolsas poderán ser solicitadas por investigadores e técnicos con vinculación en vigor en centros tecnolóxicos de Galicia ou en organismos públicos de investigación (OPI), alleos ao SUG, que teñan centros radicados na Comunidade Autónoma nos cales desenvolve a súa actividade o solicitante. A vinculación laboral deberá estar vixente na data do remate do prazo de presentación da solicitude.

PRAZO:

Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG. INFORMACIÓN AOS/ÁS INTERESADOS/AS

Na web <http://gain.xunta.es>, no teléfono 981 541075, no enderezo electrónico: gain@xunta.es, persoalmente e na guía de procedementos e servizos administrativos, no enderezo <https://sede.xunta.es>

+ INFO: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150113/AnuncioG0198-020115-0001_gl.pdf